



EMENDA DE ADICCIÓN Á
MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE
SOBRE Á LEI XERAL DE ESTABILIDADE PRESUPOSTÁRIA

Diante da moción de referencia, incluída na Orde do Día da convocatoria do Pleno da Corporación Municipal, fixada para o 30-01-2002, procede a presentación dunha emenda baseada, fundamentalmente:

1. Na necesidade de observar que a agresión non afecta só ao ámbito municipal senón que tamén afecta gravemente a suficiencia financeira das Comunidades Autónomas. E consecuentemente o acordo a adoptar debera recoller-se do xeito seguinte:
 1. **Censurar a actitude intolerante do Goberno do Estado manifestada na elaboración e tramitación da Lei Xeral de Estabilidade Presupostaria, como lei concebida as costas dos concellos e da Comunidade Autónoma, que agrede a propia autonomía local e ao noso país e a súa suficiencia financeira que a propia Constitución reconece.**
 2. No papel que debemos atribuír-lle á Federación Galega de Municipios e Provincias -FEGAMP- como organismo representativo de todos os concellos galegos, propondo pois incluír tamén o seguinte punto:
 2. **Instar á FEGAMP a que inicie os trámites que conduzan, baixo o seu impulso e asesoramento, á presentación dun conflito diante do Goberno do Estado na defensa da autonomía local.**
 3. **Solicitar da FEGAMP que, a súa vez, inste á Xunta de Galiza e Parlamento Galego a que procedan a unha actuación semellante de defensa da suficiencia económica e autonomía da Comunidade diante do Goberno do Estado.**

Vilagarcía, 28 de xaneiro de 2002

Xosé Castro Ratón
Voceiro

SR. ALCALDE – CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA